

MANUAIS PARA O CUMPRIMENTO DA
CONDICIONALIDADE

CONDICIONALIDADE



XUNTA DE GALICIA

1.- QUE É A CONDICIONALIDADE?

A condicionalidade é a resposta da Política Agraria Común (PAC) á sensibilidade da sociedade europea cara ao mantemento dos recursos naturais e produtivos.

Consiste no cumprimento dun conxunto de Requisitos Legais de Xestión, establecidos mediante disposicións legais comunitarias, relativos á protección do Ambiente, a Saúde Pública, a Zoonosidade e a Fitosanidade e o Benestar Animal, xunto con normas para o mantemento da terra en boas condicións agrarias e ambientais por parte de todos os titulares de explotación que reciban certos pagos da PAC.



O impacto que supón a actividade agraria nos hábitats das nosas comarcas (flora, fauna e paisaxe) é moi importante, polo que é necesario realizar un uso correcto dos fertilizantes e produtos fitosanitarios, e desenvolver boas prácticas agrarias para a obtención de produtos de calidade. Débense evitar consecuencias negativas tan importantes como o deterioro de recursos escasos como o solo e auga.

As axudas previstas na PAC remuneran o manexo do gando en condicións de salubridade e benestar, e a trazabilidade dos produtos, tanto agrícolas como gandeiros, ao longo de toda a cadea alimentaria, constituíndo unha garantía para os consumidores.

Normativa Comunitaria de referencia	Normativa Nacional de referencia
<p>– Regulamento (CE) 73/2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e instálanse determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e derroga o Regulamento (CE) 1780/2003.</p>	<p>Real Decreto 486/2009, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenrolo rural, e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arranque do viñado.</p>

2.- ÁMBITOS DA CONDICIONALIDADE

Denomínase **ámbito** a cada unha das áreas temáticas en que se dividen as normas de obrigado cumprimento na condicionalidade, existindo os seguintes ámbitos:

1. Boas Condicións Agrarias e Medioambientais (BCAM)
2. Requisitos Legais Xestión (RLX)
 - Ámbito da Saúde Pública, Zoonosidade e Fitosanidade
 - Ámbito do Medioambiente
 - Ámbito de Benestar Animal

Ademais, os agricultores que soliciten o Contrato de explotación sustentable deberán cumprir Requisitos Mínimos na utilización de Abonos e Fitosanitarios (RMAF).

Todos estes requirimentos se concretan nunha serie de elementos específicos que son controlados polos organismos de control. Deste xeito, os **elementos a controlar** son aqueles aspectos que deben ser verificados na explotación do beneficiario para deixar constancia do cumprimento dos requisitos e normas da condicionalidade.

3.- CONTROL DA CONDICIONALIDADE

O **control da condicionalidade** realízase mediante inspeccións de campo aos agricultores e gandeiros seleccionados, e mediante controis administrativos.

Estes controis lévanse a cabo a través de dous **organismos especializados de control**, encargados de verificar os requisitos da condicionalidade: a Consellería do Medio Rural e do Mar, e o FOGGA.

Denomínase **incumprimento** á falta de cumprimento dalgún dos requisitos ou normas da condicionalidade, directamente atribuíble a un beneficiario de axudas da PAC.

Os **criterios a valorar** na condicionalidade en caso de incumprimento dun requisito son: a gravidade, o alcance, a persistencia e, no seu caso, a repetición dun incumprimento.

A **gravidade** é a importancia das consecuencias dun incumprimento, tendo en conta os obxectivos do requisito ou a norma de condicionalidade en cuestión.

CONDICIONALIDADE

O **alcance** é a valoración das repercusións dun incumprimento de condicionalidade en función da súa extensión, é dicir, se as consecuencias se limitan á propia explotación ou afectan máis aló desta.

A **persistencia** é o tempo de permanencia dos efectos derivados dun incumprimento.

A **repetición do incumprimento** é a constatación da falla de cumprimento dun requisito ou norma máis dunha vez dentro dun período consecutivo de tres anos, despois de ter informado ao agricultor ou gandeiro do dito incumprimento.

A existencia de incumprimentos nos controis efectuados pode dar lugar a **reducións nas axudas**, é dicir, á diminución dos importes de axudas a percibir polo beneficiario afectado.

Segundo o tipo de incumprimento e a súa valoración, variará a redución das axudas a recibir polo infractor, e nos casos máis graves pódese perder a axuda.



CONDICIONALIDADE

Nalgúns casos, os incumprimentos poden considerarse menores. Un **incumprimento menor** é aquel de gravidade leve, sen alcance máis aló da explotación, e sen efectos permanentes, ou cunha persistencia inferior a un ano. Este tipo de incumprimento pode non dar lugar a redución do importe da axuda do beneficiario, sempre que se corrixa a situación dentro dun prazo que non pode ser posterior ao 30 de xuño do ano seguinte. Os casos que supoñan riscos directos para a saúde pública ou a sanidade animal non se considerarán incumprimentos menores.



4.- QUEN DEBE CUMPRIR COA CONDICIONALIDADE?

1. Todos os titulares de explotacións gandeiras, forestais ou agrícolas que:
 - Reciban os pagos directos recollidos no Anexo I do Regulamento (CE) 73/2009 (por exemplo o Pagamento único e a Prima ás vacas nutrices).
 - Sexan beneficiarios das liñas de axudas do Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 36 do Regulamento (CE) 1698/2005:
 - Axudas agroambientais, e relativas ao benestar animal, Indemnización por dificultades naturais en zona de montaña e en zonas distintas ás de montaña.
2. Os solicitantes de certas liñas de FEADER, segundo o establecido no Regulamento 1975/2006, nos artigos 19 e 20, deberán cumprir coas obrigas da condicionalidade, e cos requisitos mínimos na utilización de abonos e fitosanitarios, solicitantes das liñas agroambientais do Contrato de Explotación Sustentábel (CES).

3. Beneficiarios de pagos de axudas aos programas de reestruturación e reconversión de viñado.
4. A condicionalidade deberá aplicarse en todos os recintos de uso agrario da explotación, independentemente que estean dedicados aos cultivos ou á cría de animais. En ambos casos, deben estar xestionados polo titular das axudas solicitadas.





5.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar e do FOGGA, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

CONDICIONALIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR